



OLIMPIADAS SAUDABLES



Comezamos o curso 2019-2020 e con el iniciamos un novo proxecto de dinamización da Lingua Galega do EDLG:

“OlimpiAtios”

Terá como obxectivo prioritario poñer en valor o deporte e facer extensivo o espírito olímpico a todos os ámbitos da vida do centro.

Haberá olimpíada lingüística, artística, deportiva, científica, gastronómica e saudable.



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

A saúde e a vida sa son obxectivos a acadar na vida de toda a Comunidade Educativa do CPI Atios. Por iso o proxecto iniciou a súa andaina no mes de outubro coas

OLIMPIADAS SAUDABLES.

O Departamento de Educación Física implicou ao alumnado de 5º e 6º de E. Primaria, así como ao de Secundaria, para traballar sobre o tema e concienciar a todo o persoal do centro, nenas e nenos e ás súas familias do importante que é comer san e incluír a actividade física nas súas vidas. Con tal fin elaboraron un tríptico onde recolleron as principais ideas e consellos cara ao día a día de todas e todos nós. Asemade, prepararon unha degustación saudable para o venres gastronómico para compartila con toda a Comunidade Educativa: espeta olímpica de cinco froitas.

Desde o EDLG queremos agradecer aos membros do Departamento e ao alumnado o seu compromiso e a súa marabillosa participación.